



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

29 SEP. 2023 10:52:38

Entrada **2042**

## Pregunta sobre a colaboración pública no Foro A Toxa

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativa a**

Nos últimos días do mes de setembro estase a realizar unha nova edición do Vínculo Atlántico que continúa a deturpar o nome lexítimo da Illa da Toxa, no Concello do Grove. No programa desta edición aparecen altos cargos do Goberno e figuras institucionais como o actual Presidente da Xunta de Galiza, a ex ministra de Asuntos Exteriores, Arancha González Laya, ou a Presidenta da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, Cristina Herrero, entre outros.

Máis unha vez, este Foro volve utilizar no seu nome o topónimo deturpado da illa da Toxa. Aínda que se trate dun evento organizado por empresas privadas, tamén se sufraga en parte con diñeiro público e, polo tanto, o executivo non pode permitir esta ilegalidade e non debe participar nela. Tanto o Goberno do Estado como calquera entidade pública, debe respectar as formas toponímicas galegas lexítimas, correctas e únicas con carácter oficial sempre e en todo lugar e, se estiver deturpada, realizar todas as actuacións necesarias para corrixilo, tal e como establece a lei.

As leis e decretos que fixaron as denominacións oficiais na Galiza son de obrigado cumprimento tanto para entidades privadas como públicas, porén, máis unha vez, temos que denunciar a vulneración da toponimia galega. É a Administración pública a que ten o deber de velar polo cumprimento xeral

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

29 SEP. 2023 10:52:38

Entrada **2042**



das normas e, polo tanto, o Goberno do Estado debe garantir que se respecten as leis vixentes.

Segundo establece a actual lexislación, a través do artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística do Parlamento de Galiza, os topónimos da Galiza terán como única forma oficial a galega e engade que “corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos da Galiza”. Así, no Decreto 219/1998, de 2 de xullo, polo que se aproba o Nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra queda fixado o topónimo como Toxa (Illa Da).

O Executivo debe dar cumprimento a todas estas obrigas legais e levar a cabo todas as xestións e negociacións necesarias para que o Foro cumpra a lexislación vixente e respecte a toponimia da Toxa. Así mesmo, debe garantirse que coñecen a realidade e a cultura galegas, o seu idioma, caracteres propios e a súa toponimia real.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Considera correcta a reiterada vulneración da toponimia oficial da Galiza que se volve repetir, máis unha vez, no Foro da Toxa, no uso da forma deturpada “La Toja” no canto da forma oficial A Toxa?
2. Por que contribúe o Goberno do Estado ao incumprimento da normativa lingüística e do Nomenclátor Oficial da Galiza perpetrado por parte das persoas organizadoras do Foro que recibe diñeiro público?
3. Que subvencións ou axudas directas ou indirectas teñen recibido os organizadores e que gastos en seguridade a cargo das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado ou outros custos para o desenvolvemento do evento teñen sido sufragados a cargo de fondos públicos?



4. Demandará o Goberno á organización do Foro ao que acoden personalidades e cargos públicos, como o propio Xefe do Estado, que usen o único topónimo legalmente establecido?
5. Trasladará unha queixa formal ás persoas e entidades organizadoras polo reiterado uso do topónimo deturpado?
6. Retirará toda participación pública por parte do Estado en tanto no se corrixa o uso do topónimo ilegal?

Madrid, a 29 de setembro de 2023

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita.**

En los últimos días del mes de septiembre se está realizando una nueva edición del Vínculo Atlántico que continúa la deturpar el nombre legítimo de A Illa da Toxa, en el Concello de O Grove. En el programa de esta edición aparecen altos cargos del Gobierno y figuras institucionales como el actual Presidente de la Xunta de Galiza, la ex ministra de Asuntos Exteriores, Arancha González Laya, o la Presidenta de la Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal, Cristina Herrero, entre otros.

Una vez más, este Foro vuelve a utilizar en su nombre el topónimo deturpado de A Illa da Toxa. Aunque se trate de un evento organizado por empresas privadas, también se sufraga en parte con dinero público y, por lo tanto, el ejecutivo no puede permitir esta ilegalidad y no debe participar en ella. Tanto el Gobierno del Estado como cualquier entidad pública, debe respetar las formas toponímicas gallegas legítimas, correctas y únicas con carácter oficial siempre y en todo lugar y, si estuviere deturpada, realizar todas las actuaciones necesarias para corregirlo, tal y como establece la ley.

Las leyes y decretos que fijaron las denominaciones oficiales en Galiza son de obligado cumplimiento tanto para entidades privadas como públicas, sin embargo, una vez más, tenemos que denunciar la vulneración de la toponimia gallega. Es la Administración pública la que tiene el deber de velar por el



cumplimiento general de las normas y, por lo tanto, el Gobierno del Estado debe garantizar que se respeten las leyes vigentes.

Según establece la actual legislación, a través del artículo 10 de la Ley 3/1983 de normalización lingüística del Parlamento de Galiza, los topónimos de Galiza tendrán como única forma oficial la gallega y añade que “corresponde a la Xunta de Galiza la determinación de los nombres oficiales de los municipios, de los territorios, de los núcleos de población, de las vías de comunicación interurbanas y de los topónimos de Galiza”. Así, en el Decreto 219/1998, de 2 de julio, por el que se aprueba el Nomenclátor correspondiente a las entidades de población de la provincia de Pontevedra queda fijado el topónimo como Toxa (Illa Da).

El Ejecutivo debe dar cumplimiento a todos estos deberes legales y llevar a cabo todas las gestiones y negociaciones necesarias para que el Foro cumpla la legislación vigente y respete la toponimia de A Toxa. Asimismo, debe garantizarse que conocen la realidad y la cultura gallegas, su idioma, caracteres propios y su toponimia real.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Considera correcta la reiterada vulneración de la toponimia oficial de la Galiza que se repite, una vez más, en el Foro de la Toxa, en el uso de la forma deturpada “Lana Toja” en vez de la forma oficial A Toxa?
2. ¿Por qué contribuye el Gobierno del Estado al incumplimiento de la normativa lingüística y del Nomenclátor Oficial de la Galiza perpetrado por parte de las personas organizadoras del Foro que recibe dinero público?
3. ¿Qué subvenciones o ayudas directas o indirectas han recibido los organizadores y que gastos en seguridad a cargo de las Fuerzas y



Cuerpos de Seguridad del Estado u otros costes para el desarrollo del evento han sido sufragados a cargo de fondos públicos?

4. ¿Demandará el Gobierno a la organización del Foro a lo que acuden personalidades y cargos públicos, como el propio Jefe del Estado, que usen el único topónimo legalmente establecido?
5. ¿Trasladará una queja formal a las personas y entidades organizadoras por el reiterado uso del topónimo deturpado?
6. ¿Retirá toda participación pública por parte del Estado en tanto no se corrija el uso del topónimo ilegal?

Madrid, a 29 de septiembre de 2023

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**